

Resolución reitoral pola que se publica a 3ª edición do programa de axudas “Alén do Miño” para a realización de prácticas externas polo estudiantado da Universidade de Vigo no marco do EURES Transfronteirizo Galicia – Norte de Portugal

De conformidade co establecido no punto 8 do anexo I da Resolución Reitoral do 12 de abril de 2024 no que se regulan as bases da convocatoria da 3ª edición do programa de axudas “Alén do Miño” para a realización de prácticas externas polo estudiantado da Universidade de Vigo no marco do EURES Transfronteirizo Galicia – Norte de Portugal, unha vez rematado o proceso de selección segundo os criterios establecidos na convocatoria,

De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que o número de persoas admitidas é inferior ao de bolsas ofertadas, aplícase o procedemento abreviado sen necesidade de que interveña a comisión de selección.

Esta Reitoría **RESOLVE**:

1. Publicar a listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida e **eleva a definitiva**. (anexo I)

O estudiantado con bolsa concedida deberá entregar a través da sede electrónica (e enviar copia a bolsasformacion@uvigo.es) no prazo de tres días desde a publicación da resolución definitiva a seguinte documentación para os efectos do alta na Seguridade Social:

- Modelo TA2 (Seguridade Social)
- Modelo 145 (IRPF)

A non presentación da documentación necesaria entenderase como renuncia á bolsa previa resolución.

A persoa bolsreira presentarase na entidade colaboradora no lugar, día e hora que lle indique a Área de Empleo e Emprendemento mediante comunicación ao enderezo electrónico indicado na solicitude.

2. De acordo co establecido no punto 10 da convocatoria, son obrigas das persoas bolsreiras:

- a) Realizar, baixo a supervisión da persoa titora, a actividade formativa e o plan formativo conforme ao establecido na convocatoria.
- b) Estar matriculada na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa.
- c) Presentar na Sección de Axudas e Bolsas, dentro do mes seguinte á finalización da bolsa, unha memoria final das actividades realizadas durante todo o período da bolsa. Esta memoria debe estar informada favorablemente pola persoa titora.
- d) Deberán contemplar no desenvolvemento da práctica ás obrigas recollidas en relación aos estudantes en prácticas no *Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios*, así como as que se establecen neste mesmo sentido no *Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo*.

Ademais a persoa beneficiaria debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.



Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



CSV : GEN-cca0-247d-25ff-895f-cd12-c047-ae6c-158c

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 22/05/2024 12:58 | NOTAS : F

ANEXO I

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS CON BOLSA CONCEDIDA

1º Apelido	2º Apelido	Nome	Rama	Nota media	Contía
Álvarez	López	Xoel	Enxeñaría e Arquitectura	6,50	900 €
Hermida	Amado	Ainhoa	Ciencias	8,40	1.200 €
Rodríguez	Cordero	Nerea Rodríguez	Ciencias Sociais e Xurídicas	7,75	600 €

Contía total adxudicada: 2.700 €



CSV : GEN-cca0-247d-25ff-895f-cd12-c047-ae6c-158c

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 22/05/2024 12:58 | NOTAS : F